



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 1a / PD

Réxime de pagamento base

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común (título III, capítulo 1, seccións 1 á 3, artigos 21 ao 35).
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 13).
- **Real decreto 1076/2014** sobre **asignación de dereitos** de réxime de pagamento básico da política agrícola común (arts. 3 e 4).

DEFINICIÓNS

Agricultor e gandeiro (en diante agricultor): toda persoa física ou xurídica cuxa explotación estea situada en España e que exerza unha actividade agraria.

Solicitud única: solicitude anual de axudas que realiza un beneficiario no marco dos pagamentos directos e das medidas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado de xestión e control.

Explotación: todas as unidades de produción utilizadas por un beneficiario e situadas no territorio de España.

Actividade agraria: a produción, a cría ou o cultivo de produtos agrarios, con inclusión da colleita, da muxidura, da cría de animais e do mantemento de animais para efectos agrícolas ou do mantemento dunha superficie agraria nun estado adecuado para o pasto ou o cultivo sen ningunha acción preparatoria que vaia máis alá dos métodos e da maquinaria agrícola empregada de forma habitual.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 3, punto 2)

NORMAS XERAIS

Terán dereito a percibir o pagamento básico os agricultores que posúan, ben en réxime de propiedade ou ben de arrendamento, dereitos de pagamento básico.

Clasificación dos dereitos de pagamento básico:

- Derivados da primeira asignación.
- Da reserva nacional (RNPB).

Requisitos

- Presentar anualmente solicitude única.
- Ser agricultor activo e ter actividade agraria.
- Declarar hectáreas admisibles.
- Cada dereito unicamente poderá ser activado na rexión en que fose asignado no ano 2015.
- Solicitar polo menos por 0,2 ha.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 13)

Real decreto 1076/2014 de asignación de dereitos (arts. 3 e 4)



REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER AO PAGAMENTO

Obrigatorio	X Si	Non	Obs.:
Agricultor activo	X Si	Non	Obs.:
Ter solicitude única en 2013	X Si	Non	Obs.:
Solicitar pagamento base	X Si	Non	Obs.:

Observacións:

CARACTERÍSTICAS

a. Rexionalización

- Os dereitos de pagamento básico asígnanse por rexións.
- As rexións establécense segundo a orientación produtiva (secaño, regadío, cultivo permanente e pasto permanente), o potencial produtivo (comarca agraria) e as axudas directas recibidas en 2013.
- Galicia 7 rexións (nº 1.2, 5.3, 7.1, 7.3, 8.1, 12.1, 14.1).
- Establécese unha capa no SIXPAC en que se indican as rexións.
- Límite orzamentario nacional e rexional: establécese en 2015.
- Límite máximo de dereitos de pagamento básico por rexión.
- O valor unitario rexional dos dereitos calcularase en 2015.

Real decreto 1076/2014 de asignación (arts. 6 e 7)

b. Asignación de dereitos de pagamento básico.

Recibirán asignación de dereitos de pagamento base (DPB):

1. Quen solicite asignación de dereitos de pagamento base en 2015
2. Quen recibira pagamentos directos na campaña 2013
3. Quen teña asignación de dereitos de pagamento único de reserva nacional en 2014
4. Quen teña asignación por alegar causas de forza maior ou cambio de titularidade
5. Quen teña cesións con terra de dereitos de pagamento único en 2014 e cambios de titularidade por herdanzas, xubilación, incapacidade laboral, etc.

Deben solicitar a admisión ao réxime de pagamento base (RPB) en 2015.

Nº DPB que se vai asignar = mínimo ha admisibles determinadas en 2015 ou 2013.

A creación de condicións artificiais pode excluír o solicitante de recibir asignación.

Cálculo do valor DPB:

- a. Réximes de axuda incluídos:
 1. Importes réxime pagamento único.
 2. 51,32 % da prima de vacas nutrices e da prima complementaria (en Galicia).
 3. Importes das axudas de rotación de cultivos, tabaco e algodón (non hai en Galicia).
- b. Cálculo: porcentaxe dos importes dos "réximes de axuda incluídos" recibidos polo produtor en 2014 (antes de reducións e penalizacións).

Real decreto 1076/2014 de asignación (art. 10 ao 15)

c. Conxerxencia

Desde 2015 aplicarase unha conxerxencia do valor inicial dos DPB ao valor unitario rexional correspondente ao ano 2019. Seguiranse os seguintes principios:

1. Se o valor unitario inicial é inferior ao 90 % do valor unitario rexional correspondente ao ano 2019, incrementarase o valor unitario ata un terzo da diferenza entre eses dous valores.
2. Se o valor unitario inicial é superior ao valor unitario rexional correspondente ao ano 2019, reducirase o valor unitario nunha porcentaxe determinada para cada rexión. A redución máxima será do 30 % do valor unitario inicial.
3. O valor unitario dos dereitos de calquera beneficiario en 2019 deberá ser, polo menos, o 60 % do valor unitario rexional correspondente ao ano 2019, sempre e cando non se supere o limiar máximo de reducións.

Real decreto 1076/2014 de asignación (art. 16)